

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027873	IES Afonso X O Sabio	Cambre	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no I.E.S. "Afonso X O Sabio" está situado, dentro do Concello de Cambre, na parroquia de Santa María de O Temple. Situado na Urbanización de A Barcala, construída e habitada dende mediados da década do oitenta, de onde procede unha grande parte do alumnado do Centro, o resto dos alumnos teñen o seu orixe do núcleo principal do concello (Sta. María de Cambre) e do Temple, e teñen que utilizar transporte escolar. É o IES de referencia de tres colexios de primaria do concello, o Wenceslao Fernández Flórez no centro urbano do núcleo principal do concello, o Portofaro situado á entrada da propia urbanización de A Barcala e O Graxal situado na urbanización de O Temple. O alumnado en xeral procede de familias de clase media-baixa, o seu nivel académico está dentro da media dos centros das súas características. O CENTRO O IES é un centro público dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, conta cun numeroso alumnado (ao redor de 800 alumnos matriculados no curso 2023/2024, distribuídos en 6 unidades no primeiro curso da ESO, 6 unidades no segundo curso, 5 unidades máis PDC en terceiro, 4 unidades no cuarto curso máis PDC, 3 unidades no primeiro curso de bacharelato e 3 unidades no segundo curso, ademais da FP Básica e dous ciclos de FP. Consta de dous edificios de aulas separados. A comunidade educativa está formada por ao redor de 80 profesores, a maior parte deles con destino definitivo, repartidos nos distintos departamentos.

O proxecto impártese en dous grupos:

O grupo de 3º ESO B, 3º ESO C e 3º ESO PDC está composto por 21 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 15 anos.

O grupo de 3º ESO D e 3º ESO E está composto por 21 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 15 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Tipos de residuos e a súa reciclaxe.	O grupo vai pescudar información sobre os tipos de residuos que xeramos con sociedade e no centro educativo e analizará as consecuencias medioambientais dos mesmos. Planificarán diferentes actuacións de divulgación para favorecer as tres erres: reciclar, reutilizar e reducir.	35	13	X		
2	Reutilización dos residuos xenerados	Cada grupo planificarán diferentes proxectos para favorecer a reutilización de residuos xenerados no centro escolar como por exemplo a reutilización de poliestireno, creación de xardineiras para a horta escolar ou a obtención de compost.	30	10		X	
3	Presentando os proxectos	Nesta unidade didáctica os estudantes empregarán os proxectos como por exemplo para mellora e cultivo da horta escolar. Prepararán a feira de ciencias do IES onde presentarán os seus proxectos á comunidade educativa.	35	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Tipos de residuos e a súa reciclaxe.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Reutilización dos residuos xenerados	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentando os proxectos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os produtos finais.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar algún recurso na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Recicla, reduce e reutiliza".

A metodoloxía empregada na concreción do currículo da materia axustarase ás necesidades do alumnado destinatario, ás súas preocupacións e aos seus intereses, así como á realidade da contorna do centro docente. Tamén, terá importancia o nivel e idade do alumnado buscando unha oportuna progresividade no conxunto dos cursos da etapa. No deseño das actividades e proxectos, empregaranse unha metodoloxía cas seguintes características:

- Será activa e participativa, onde se fixen os hábitos de esforzo e responsabilidade.
- Os proxectos e actividades serán problemas do centro e a súa contorna.
- Empregaranse distintos métodos, que terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a capacidade de aprender por si mesmo.
- Impulsarase o traballo cooperativo e en equipo para a realización das tarefas e proxectos.
- Buscará a inclusión do alumnado, desenvolvendo empatía e xenerosidade.
- Potenciarase o pensamento reflexivo e crítico e a elaboración de xuízos persoais, asumindo a responsabilidade persoal na procura da mellora do medio ambiente.
- Favorecerase que se integre na vida cotiá do alumnado o coñecemento de principios, valores e estratexias que contribúan á súa incorporación á vida adulta sendo capaz de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos.
- Desenvolverase a competencia dixital e a creatividade.

Con esta metodoloxía búscase facilitar as aprendizaxes, tanto individual como colectiva, que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e unha adecuada adquisición das competencias transversais. Favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, o grupo vai pescudar información sobre os tipos de residuos que xeramos con sociedade e no centro educativo e analizará as consecuencias medioambientais dos mesmos.

Planificaran diferentes actuacións de divulgación para favorecer as tres erres: reciclar, reutilizar e reducir, algúns das cales poderían ser:

- Saída polo centro e a súa contorna para reciclar os residuos.
- Creación dun taboeiro para información e noticias de actualidade sobre os residuos, mediambiente e a reciclaxe.

- Elaboración dunha campaña de concienciación de reciclaxe no centro co a creación de carteis, eslogáns, ect.
- Elaboración de decoración navideña para a árbore de navidade do centro con materiais reciclados.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, realizarán o proxecto de reciclaxe como:

- Disolución de poliestireno para fabricar chaveiros, etc
- Fabricación de maceteiros para a horta escolar con cintas VHS
- Fabricación con botellas de hortas colgantes
- Fabricación de compost
- Fabricación de papel reciclado
- etc

Nesta etapa, recollerán datos e analizarán a información para levar a cabo o proxecto.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado empregará os proxectos relacionados coa horta escolar para mellorar a mesma. Tamén presentarán os proxectos

á comunidade educativa axudando a organizar a feira de ciencias que se celebra no centro á finais do curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais: descríbense abaixo
Recursos didácticos: descríbense abaixo

Materiais para traballar os contidos: vídeos e actividades interactivas ou dixitais, apuntamentos proporcionados polo profesor/a, fichas de traballo, libros de texto ou de lectura de diferentes editoriais propostos pola profesora, etc.

Materiais propios das aulas: pizarra dixital, ordenador do profesor, proxector e rede wifi (con acceso a Internet e revistas de divulgación científica). Residuos xerados no centro e nos fogares dos estudantes: como botellas de plástico, restos orgánicos, papel, botón, etc. Papeleiras de reciclaxe selectiva: xeradas polo alumnado ao reutilizar caixas de cartón e procedentes do proxecto "Froita fresca e leite" para o centro.

Recursos didácticos:

- EDIXGAL: proxecto de educación dixital empregado polo centro para a incorporación de materiais dixitais na ESO no marco do proxecto Abalar.

- Netbook do alumno: ordenador persoal de cada alumno/a

Estos recursos e materiais estarán a disposición de todo o alumnado.

Espazos :

- O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

- Biblioteca do Centro: lugar onde os alumnos/as poden consultar e investigar, nos seus libros, información para a planificación dos proxectos.

- Laboratorios de Física e Química: materiais e produtos dos laboratorios de Física e Química

- Horta escolar: zona de cultivo da horta escolar, composteiro e material agrario do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesións do curso, para levar a cabo a avaliación inicial, baseada en competencias clave, do alumnado proporase un dilema moral relacionado con diferentes actitudes da sociedade, como por exemplo o consumismo, e os efectos destas actitudes sobre a conservación do medio ambiente. O alumno/a deberá argumentar as súas opinións usando os razoamentos que considere pertinentes e utilizando aqueles conceptos que lle permitan xustificar a súa posición con respecto a ditas actitudes. En función do resultado poderase propor medidas de ampliación ou reforzo para os alumnos que presenten dificultades de comprensión específicas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	30	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN:
- Creación do taboeiro para información e noticias de actualidade sobre os residuos, mediambiente e a reciclaxe.
- Elaboración da campaña de concienciación sobre a importancia da reciclaxe
- Elaboración de decoración navideña.
- SEGUNDA AVALIACIÓN:

Escollo do tema para elaborar o proxecto e xustificación. Elaboración do proxecto seleccionado e entrega dun dossier de traballo coa procura de información, dificultades atopadas, ect.

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Utilización dos proxectos realizados para a mellora da horta escolar e preparación, presentación e exposición dos proxectos na feira de ciencias do centro.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais...

A nota da avaliación final de xuño calcularase como se indica:

Cualificación 1ª Avaliación . (0,35) + cualificación 2ª Avaliación . (0,30) + cualificación 3ª Avaliación .(0,35)

Se o resultado é igual ou superior a 5, esta será a cualificación da avaliación final.

Criterios de recuperación:

Se o resultado é inferior a 5, o alumno/a deberá realizar unha proba final de recuperación que terá lugar entre a terceira avaliación e a avaliación final de xuño. Esta proba versará sobre todos os contidos vistos no curso e será a cualificación da avaliación final neste caso. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

Non haberá recuperacións por avaliacións ao considerarse que os contidos a traballar son continuos.

Os alumnos/as que segundo os criterios de cualificación especificados non superen a materia, por ter na avaliación ordinaria unha cualificación inferior a 5 puntos, terán que recuperala no curso seguinte.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

Non hai posibilidade de materia pendente ao cursarse o Proxecto de Educación Ambiental por primeira vez en 3º ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

No grupo 3º ESO B hai un alumno con TDAH e dixlesia. En 3º ESO C outro con dificultades de apredizaxe e un con incorporación tardía ao sistema educativo, ademáis de un estudante con TDAH e que está pendente de aprobación dunha posible atención domiciliaria ao longo do curso. No grupo 3º ESO E hai un alumno recién incorporación tardía ao sistema educativo.

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo as actividades serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de apredizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

Nas avaliacións iniciais, teranse en conta todas as posibles orientacións destes e outros alumnos indicadas polo departamento de orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
CEIDA	Charla e taller sobre o cambio climático.	X		
CEIDA	Charla e taller sobre a basura mariña.		X	

Observacións:

1º avaliación:

A asociación CEIDA impartirá unha charla de 50 minutos na aula sobre o cambio climático o martes 19/9/2023 e logo realizarán un taller sobre a pegada ecolóxica de cada alumno na aula cunha duración de 50 minutos o martes 26/9/2023.

2º avaliación:

A asociación CEIDA impartirá unha charla de 50 minutos na aula sobre a basura mariña o martes 12/3/2024 e logo realizarán un taller na aula cunha duración de 50 minutos o martes 19/3/2024.

3º avaliación:

O alumnado participará na feira de ciencias do centro (fslts por concretar a data, será en xuño)

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas

Medidas de atención á diversidade
Participación activa de todo o alumnado
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Outros
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados